



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP. "LAVERDE RUÍZ"  
ESTRADA NACIONAL VI, S/N  
27150 – OUTEIRO DE REI  
TELF.: 982828931/982828930  
[ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es](mailto:ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es)

PROXECTO

EDUCATIVO

DO CENTRO

---



## ÍNDICE

### 1. ANÁLISE DO CONTEXTO

#### - CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

- 1.1. Situación física
- 1.2. Poboación
- 1.3. Situación económica do Concello
- 1.4. Outros servizos
- 1.5. Comunicacóns

### 2. DESCRICIÓN DO CENTRO

- 2.1. Equipamento e instalación
- 2.2. Alumnado
- 2.3. Profesorado
- 2.4. Persoal de servizos
- 2.5. Servizos complementarios do centro
- 2.6. Horario do centro

### 3. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

- 3.1. Órganos de Goberno
- 3.2. Canles de participación da comunidade educativa
- 3.3. Institucións relacionadas co centro
- 3.4. Adquisición e utilización dos recursos didácticos do centro
- 3.5. Criterios organizativos

### 4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

### 5. METODOLOXÍA

- 5.1. Transversalidade
- 5.2. Coeducación
- 5.3. Valores que fomentará o centro
- 5.4. Plan de Dinamización Lingüística
- 5.5. Avaliación
- 5.6. Acción titorial

# 1. ANÁLISE DO CONTEXTO

## CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

(Información consultada na páxina web do Concello: [www.outeiroderei.org](http://www.outeiroderei.org))

### 1.1. Situación física

O **Concello de Outeiro de Rei** pertence á provincia e diocese de Lugo; integrado no conxunto da unidade xeográfica coñecida como A Terra Cha lucense, sitúase a 11 km da capital provincial. Limita polo Norte cos Concellos de Begonte, Cospeito e Rábade; polo Leste, co de Castro de Rei; polo Sur, co de Lugo e polo Oeste, co Concello de Friol.

Forma parte da comarca de Lugo e da "Mancomunidade de Municipios da Terra Cha" na que se inclúen ademais os municipios de Abadín, Castro de Rei, Pastoriza e Cospeito.

As súas parroquias son:

Aguiar ( <i>San Clodio</i> )	Folgueira ( <i>San Nicolás</i> )	Parada ( <i>San Xoán</i> )
Aguiar ( <i>San Lourenzo</i> )	Francos ( <i>Santiago</i> )	Robra ( <i>San Pedro Fiz</i> )
Arcos ( <i>San Pedro</i> )	Gaioso ( <i>Santiago</i> )	San Fiz de Paz ( <i>San Pedro Fiz</i> )
Aspai ( <i>San Cibrao</i> )	Gaioso ( <i>Santo Tomé</i> )	Santa Mariña ( <i>Santa María</i> )
Bonxe ( <i>San Mamede</i> )	Guillar ( <i>San Martiño</i> )	Silvarrei ( <i>San Xoán</i> )
Caboi ( <i>San Martiño</i> )	Martul ( <i>San Pedro</i> )	Sobrada de Aguiar ( <i>Sta. M<sup>a</sup> Madanela</i> )
Candai ( <i>San Vicente</i> )	Matela ( <i>Santa Madalena</i> )	Taboi ( <i>San Pedro</i> )
Castelo de Rei ( <i>San Salvador</i> )	Mosteiro ( <i>San Salvador</i> )	Vicinte ( <i>Santa María</i> )
Cela ( <i>Santa María</i> )	Outeiro de Rei ( <i>San Xoán</i> )	Vilela ( <i>Santiago</i> )



A capital do municipio sitúase en San Xoán de Outeiro de Rei. Cunha extensión de 3,2 km<sup>2</sup> constitúe a segunda maior entidade de poboación, despois de Guillar, con 704 veciños distribuídos nos barrios de Barciela, Outeiro de Rei, Santa Isabel e Cantón.

## 1.2. Poboación

A poboación do Municipio de Outeiro de Rei é de 5083 habitantes, 2601 homes e 2482 mulleres. Esta poboación distribúese nas 166 aldeas que forman as 27 parroquias do Concello. [Datos referidos á última revisión do Padrón , 1/01/2014].

### Evolución da poboación (1887-2014)

1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2001	2006	2011	2012	2013	2014
5571	5903	5851	5829	6255	6037	5795	6031	5097	5108	4135	4115	4320	4695	5004	5046	5098	5083

As causas deste descenso demográfico, a partir dos anos 30, débese a dous factores fundamentalmente: por unha parte ó crecemento vexetativo negativo durante estes anos, ó coincidir unhas taxas de natalidade máis baixas cás de mortalidade.

E, por outra banda, ó fenómeno da migración, especialmente incidente a partir dos anos 50, e do proceso industrializador que xerou unha importante demanda de man de obra. Este fenómeno migratorio diminuíu notablemente nos últimos anos do século XX e primeiros do século XXI.

A partir do Padrón do ano 1996, se analizamos a evolución demográfica observamos un paulatino crecemento da poboación; feito que contrasta coa evolución demográfica da maioría dos municipios, e non só desta provincia, que seguen a perder efectivos demográficos.

Algo explicable en primeiro lugar polo xa mencionado descenso do fenómeno migratorio ó que debemos engadir a presenza de inmigrantes no concello (desta e doutras provincias de España, así como do estranxeiro) sen esquecer-lo cambio de mentalidade da poboación, xurdindo un novo gusto pola tranquilidade do mundo rural fronte ó urbano, sen renunciar ás comodidades que este último ofrece, sendo Outeiro de Rei un municipio onde se están asentando moitas familias que buscan calidade de vida nas proximidades á cidade de Lugo.

É de destacar dentro deste apartado o incremento na realización de vivendas que se observou nos últimos tempos, sobre todo coa construción de varias urbanizacións concentradas nas parroquias de Matela, Guillar, Robra e Outeiro de Rei.

No 2003 finalizou a construción da primeira promoción de vivendas de protección oficial localizadas na vila de Outeiro de Rei, un total de 34. Ademais construíronse tamén as urbanizacións Triacqua e A Palloza.


### **1.3. Situación económica do Concello**

En Outeiro de Rei a principal fonte de ingresos ata os anos 70-80 do século pasado procedía da actividade agraria.

A partir deses anos houbo importantes transformacións e a actividade agropecuaria comezou a decaer debido en primeiro lugar á propia dinámica demográfica, motivo polo que as baixas por morte ou por xubilación superan amplamente as entradas de activos no sector, e en segundo lugar pola transferencia dun número importante de efectivos humanos cara ao sector terciario (servizos) e en menor medida, cara ao sector secundario (industria e construción), fenómeno que é xeneralizable a todas as economías desenvolvidas.



### Poboación ocupada por sectores económicos 2013



Así ata chegar á actualidade onde, tal e como se pode apreciar na gráfica de poboación ocupada por sectores, é o sector servizos o que ocupa a maior porcentaxe de poboación (65,93%), seguida do sector secundario (23,14%) e do sector primario, que segue tendo un peso relevante na economía municipal e dá emprego ao 10,60% da poboación, segundo datos do Instituto Galego de Estatística referidos ao ano 2013.

#### 1.4. Outros servizos

O Municipio conta ademais con:

- Escola Infantil Municipal
- Colexio de Educación Infantil e Primaria *Laverde Ruíz*
- Xulgado de Paz
- Casa da Cultura onde se atopa a Biblioteca Municipal, a Oficina de Información Xuvenil e os Servizos de Cultura e Deporte
- Centro Cultural
- Centro Médico
- PAC
- Oficina de *Caixa Rural Galega*
- Oficina de Correos
- Un xeriátrico.
- Unha pista de atletismo e un circuito en Robra
- Varios campos de fútbol

- Un pavillón de deportes
- Dúas zonas de ocio: o *Campo de Santa Isabel* e a área recreativa de *Penas de Rodas*

Ademáis de outros servizos educativos como son:

- Programa de Conciliación Familiar e Apoio Escolar, co horario seguinte:
  - Outeiro Madrugador: de 08:00 a 09:30 h
  - Outeiro Tardes: de 16:00 a 20:00 h.
- Programas de Prevención de drogas en colaboración cos Concellos de Rábade e Begonte.

En canto á riqueza cultural de Outeiro de Rei, dicir que conta coa Casa Museo de Manuel María, gran poeta galego nado neste Concello. Ademais de numerosas igrexas barrocas e románicas, capelas, cruceiros e pazos de gran valor.

O Concello conta tamén con grandes artesáns como son: Josefa Lombao Ferro "Pepa" da Olería de Bonxe, "Xaneco" co obradoiro de instrumentos de percusión tradicional, Idoia Cuesta coa elaboración de tecidos vexetais, Gabriel Sarceda Rodríguez que se adica a fabricación e restauración de mobles e Dolores González Vigo que fai cestería en palla.

## **1.5. Comunicaci3ns**

Outeiro de Rei esta atravesado pola N-VI, Madrid- A Coruna e tamen se pode acceder a el facilmente a traves da autova A-6 (Madrid- A Coruna km. 507). Asi mesmo, conta cun bo numero de pistas e estradas secundarias que permiten que a comunicaci3n dentro de Outeiro de Rei sexa facil e rapida.

Polo que respecta 3o transporte de viaxeiros, existen varias empresas de autobuses que tenen paradas en varios puntos do Concello e ademais hai dous servizos de taxi con parada en San Xoan de Outeiro de Rei.

Por ultimo, mencionar que a lina de ferrocarril Palencia-Coruna tamen percorre o concello, situandose a parada mais pr3xima, tanto para transporte de viaxeiros como de mercadoras, no concello de Rabade.

## **2. DESCRIPCIÓN DO CENTRO**

### **2.1. Equipamento e instalacións.**

O recinto do colexio está completamente pechado. Neste atópanse os dous edificios do centro, o de Educación Primaria coas dependencias administrativas e o de Educación Infantil, este último construído máis recentemente e ampliado en dúas fases.

Neste mesmo recinto, con entrada independente, tamén se atopan as distintas dependencias da Casa da Cultura, nas que se inclúe a Biblioteca do Concello.

Na zona exterior están situadas as pistas de deporte, o patio cuberto con canchas, unha fonte, céspede e árbores, así como unha zona de xogos con areeiro e un patio cuberto para Infantil, este último de recente construción.

O edificio de Educación Primaria é unha construción rectangular, que conta con tres plantas. No centro ten un espazo aberto cunha balconada e ventás ao redor que proporciona luz natural ao interior. Para subir ás plantas hai dúas escaleiras e un ascensor que garante a accesibilidade ás persoas de mobilidade reducida, e que se emprega de forma excepcional.

PLANTA BAIXA	PLANTA PRIMEIRA
<ul style="list-style-type: none"><li>- 3 Despachos administrativos</li><li>- 1 sala para conserxería</li><li>- Sala de mestres/as</li></ul> <p>(Estas de recente construción)</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Un aula adicada a Audición e Linguaxe</li><li>- 2 comedores (ampliados recentemente): un de primaria e outro de infantil; cociña e almacén.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- 4 aulas para Primaria</li><li>- Un aula de inglés</li><li>- A biblioteca ampliada no ano 2018</li><li>- Un aula de música</li><li>- Un aula de usos múltiples</li><li>- Despacho de Orientación</li><li>- Dous servizos para profesorado</li><li>- Dous servizos para alumnado</li><li>- Saída de emerxencia</li></ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>- Servizos de alumnado</li> <li>- Dous servizos para profesorado</li> <li>- Un almacén para útiles de limpeza</li> </ul>	
	<p><b>PLANTA SEGUNDA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 8 aulas para Primaria</li> <li>- Aula de Pedagogía Terapéutica</li> <li>- 2 baños de mestres</li> <li>- 2 baños para alumnado</li> <li>- Saída de emerxencia</li> </ul>

O edificio de Educación Infantil tamén conta con dúas plantas.

PLANTA BAIXA	PRIMEIRA PLANTA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tres aulas de clase (recentemente construídas)</li> <li>- Unha ampla entrada cuberta con dúas portas de acceso.</li> <li>- Dúas escaleiras para acceder á primeira planta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tres aulas de clase</li> <li>- Unha titoría</li> <li>- Un servizo para profesorado</li> <li>- Dous servizos para alumnado</li> <li>- Un almacén para útiles de limpeza.</li> </ul>

Fóra do recinto contamos con dársenas para os autobuses do transporte escolar, onde o alumnado accede sen perigo dende o patio cuberto por unha das entradas ao centro. O alumnado non transportado accede pola porta lateral no lado do aparcamento construído no 2018 polo Concello.

A carón das instalacións do centro hai un polideportivo municipal e un pequeno ximnasio dos que fai uso o colexio para as clases de Educación Física.

## 2.2. Alumnado

O alumnado do centro procede das 27 parroquias que configuran o concello de Outeiro de Rei, na súa maioría do medio rural, aínda que como xa comentei anteriormente, a situación tan próxima á cidade de Lugo e a proliferación de urbanizacións supuxo un incremento de alumnado procedente dun entorno urbano. Este aumento que se prevé continúe nos vindeiros anos constitúe un reto de adaptación do colexio e as súas dependencias e do seu profesorado.

A aptitude física e psíquica do alumnado ten acadado un bo nivel. O rendemento escolar é bon, agás algún caso puntual que precisa reforzo educativo ou adaptación curricular. A maioría dos alumnos e alumnas acuden a actividades extraescolares: deportivas, musicais...

No colexio non hai problemas reseñables de integración social: os/as alumnos/as novos/as son ben acollidos. Destaca o carácter afable e dócil dos nenos e nenas, sen faltas graves de disciplina.

O centro consta na actualidade de 18 unidades, 6 de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.

- A evolución da matrícula dende o ano 2011 é a seguinte:
  - 2011-2012: 174 alumnos/as
  - 2012-2013: 196 alumnos/as
  - 2013-2014: 207 alumnos/as
  - 2014-2015: 209 alumnos/as
  - 2015-2016: 225 alumnos/as
  - 2016-2017: 239 alumnos/as
  - 2017-2018: 258 alumnos/as
  - 2018-2019: 276 alumnos/as
  - 2019-2020: 312 alumnos/as

Como se pode observar, o incremento do número de alumnos/as nos últimos cursos é considerable.

▪ Número de alumnos e alumnas

No actual curso o centro conta cun total de 313 alumnos/as. O alumnado está repartido nos cursos do seguinte xeito:

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<b>NÚMERO ALUMNOS/AS</b>
4º A	23
4º B	24
5º A	13
5º B	14
6º A	20
6º B	19
<b>TOTAL</b>	<b>113</b>
<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	<b>NÚMERO ALUMNOS/AS</b>
1º A	18
1º B	18
2º A	16
2º B	16
3º A	15
3º B	15
4º A	17
4º B	17
5º A	19
5º B	20
6º A	14
6º B	15
<b>TOTAL</b>	<b>200</b>

▪ En canto aos alumnos doutra nacionalidade, cultura ou etnia é case testimonial.

- Alumnado con necesidades educativas específicas.

O número de alumnos/as diagnosticados con necesidades educativas específicas é reducido. Hai unha nena en Primaria, diagnosticada con Síndrome de West, un alumno TEA en Primaria e un alumno TEA en infantil que conta cunha coidadora. E os demais nenos e nenas incluídos no Programa de Orientación, reciben apoio por parte das mestras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, pero os problemas que presentan son debidos sobre todo á falta de comprensión, expresión e de atención. Ademais dalgúns que están en proceso de valoración por parte dos especialistas sanitarios.

### **2.3. Profesorado**

O cadro de profesores/as do centro está integrado neste momento por 29 mestres/as, dos cales 21 son definitivos no centro e 8 provisionais.

As especialidades dos mestres e mestras son as seguintes:

- 8 mestras de Educación Infantil: 6 titoras e 2 de apoio.
- 11 de Educación Primaria
- 1 de francés
- 2 mestres de Lingua Estranxeira (Inglés)
- 1 mestra de Educación Musical.
- 2 mestras de Educación Física.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 1 mestra de Audición e Linguaxe.
- 1 mestra de Relixión.
- 1 Orientadora.

### **2.4. Persoal de servizos**

Contamos cunha conserxe a tempo parcial, imprescindible no funcionamento do centro, pois é unha gran axuda á hora das entradas e saídas e para as actividades extraescolares. E tamén

con dúas operarias encargadas da limpeza do centro. Tanto a conserxe como a empresa de limpeza dependen do Concello.

Tamén hai unha auxiliar coidadora que atende a un neno de educación infantil.

E o persoal de cociña que trata no apartado de comedor.

## **2.5. Servizos complementarios do centro**

### **- TRANSPORTE**

A maioría do alumnado é transportado, un total de 223 alumnos/as. Existen 6 rutas de transporte que recollen aos nenos e nenas das distintas parroquias e aos nenos que residen na Urbanización de Santa Isabel, para os que é necesaria unha autorización anual por parte da Xefatura Territorial correspondente, por residir a menos de 2 km do colexio.

A hora de saída do transporte é ás 15:15 h.

### **- COMEDOR**

O comedor é de categoría D e de xestión directa. Na cociña traballan unha oficial 2ª de cociña e tres axudantes, moi responsables e profesionais,

Este curso empregan o comedor 302 alumnos e alumnas.

Outros comensais do comedor son: a directora e a encargada do mesmo, as 4 cociñeiras, a coidadora e 10 nais que colaboran como persoal de atención aos alumnos usuarios do comedor, que son elixidas no mes de setembro polo Consello Escolar.

A encargada do comedor é unha mestra.

O número de prazas autorizadas é de 313. Os últimos cursos foi necesario pedir un aumento das mesmas debido ao incremento do alumnado.

## **2.6. Horario do centro**

O horario do centro é de 09:30 a 14:30 h. O horario de comedor é de 14:30 a 15:00 horas. A partir das 15:15 h hai no centro actividades extraescolares organizadas ou ben pola ANPA ou polo Concello.

O curso pasado levouse a cabo o trámite para implantar a xornada única, superando o tanto por cento favorable e imprescindible do total do censo das familias. Polo que o curso 2019-2020 é o primeiro no que se implanta a xornada única.

### **3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

#### **3.1.ÓRGANOS DE GOBERNO**

Para o goberno do centro hai dous tipos de órganos:

- Órganos colexiados: Claustro de profesores e Consello Escolar.
- Órganos unipersoais: Directora, Xefa de estudos e Secretaria.

Estes órganos funcionarán segundo a normativa vixente, sendo os pilares máis importantes do centro, onde se tomarán acordos e se tratará de canalizar as ideas que neses órganos se propoñen. Para o vindeiro curso 2016-2017 corresponde facer a renovación parcial do Consello Escolar.

#### **3.2.CANLES DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Entendemos que toda a comunidade educativa debe estar implicada no proceso educativo, e nomeadamente o Consello escolar é o órgano no que están representados tódolos sectores pertencentes á devandita comunidade. O Consello Escolar está formado polo director e xefe de estudos (o secretario actúa como secretario do mesmo, con voz pero sen voto), representantes dos mestres, representantes dos pais/nais, representante da ANPA, representante do persoal non docente e representante do Concello.

O Consello Escolar reúnese en sesións ordinarias unha vez por trimestre, e en sesión extraordinaria sempre que as circunstancias así o requiran.

#### **3.3.INSTITUCIÓNS RELACIONADAS CO CENTRO**

Este apartado refírese ás institucións ou órganos que, aínda que non forman parte en sentido estrito da estrutura organizativa do centro, teñen unha relación, por motivos obvios, co colexio. A

súa colaboración estreita resulta imprescindible para a boa marcha do centro. Fundamentalmente temos que referirnos a dous: o Concello e a ANPA.

O Concello encárgase do mantemento das instalacións escolares, dos gastos correntes de auga e luz, da limpeza e do persoal de servizos adscrito ao colexio. Desde o centro temos que dicir que, en todo momento e dentro das súas posibilidades, nos brindaron a súa axuda e colaboración en todo canto lles solicitamos, non só no tema de infraestructuras, senón tamén en actividades extraescolares, saídas...

A ANPA é un órgano imprescindible para o bon funcionamento da vida escolar, colaborando co centro sempre que se lle solicita axuda.

Outras institucións importantes para a actividade do centro son, entre outras:

- A Escola Infantil do Concello, coa que levamos a cabo unha xornada de convivencia do alumnado que se incorpora cada curso ao colexio.

- A Inspección educativa, fundamental para a boa marcha do centro, velando non só polos aspectos organizativos e de xestión, senón tamén brindando asesoramento e apoio nas dúbidas e iniciativas prantexadas desde o centro.

- A Deputación, que atende a organización de talleres, actividades de lecer, concursos...

### **3.4. ADQUISICIÓN E UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DIDÁCTICOS DO CENTRO**

A adquisición de material para o centro depende do outorgado pola consellería ao efecto, así como partidas orzamentarias para o equipo de normalización lingüística, e biblioteca. Todas as aulas están dotadas con ordenador, proxector e pantalla dixital.

O material común atópase na secretaría e conserxería a libre disposición do profesorado. No referido ao material propio de cada curso, é o mesmo equipo o que se encarga de artellar o seu uso compartido.

### **3.5. CRITERIOS ORGANIZATIVOS**

**Elección de curso:** Faise atendendo áo dereito do alumnado a continuar dous cursos co mesmo profesor/a, dentro do mesmo ciclo e á antigüidade no centro.

**Elaboración de horarios:** A elaboración do horario está condicionada pola existencia de mestres especialistas en música, lingua estranxeira, relixión e educación física. Tamén, e dado que hai espazos específicos para determinadas asignaturas (pavillón, aula de música, aula de usos múltiples e aula de lingua estranxeira), a compatibilización para o uso dos espazos ten que ser tida en conta á hora da elaboración dos horarios. Por último, e como resposta as necesidades específicas de apoio de determinados alumnos e alumnas, organízanse apoios individuais en diversas materias, que, loxicamente, deben coincidir coas materias que nese momento se imparten no grupo clase. Unha vez distribuídas as horas de acordo a estes condicionantes polo xefe de estudos, os mestres titores completan o horario seguindo as disposicións legais ó respecto.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

1. Desenvolver a personalidade dos alumnos/as para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuízamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
3. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
  - > Na aula: solicitando e respectando o turno de palabra establecido.
  - > Nos pasillos e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
  - > No patio: as instalacións deportivas, as verxas, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.
4. Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de suliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.





6. Potenciar o respecto ó entorno e a conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
7. Aprender a usar, disfrutar e coidar dos bens e servicios comúns, sentindo o gusto e satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
8. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viais e das situacións de risco que poidan xenerar desenvolvendo unha actitude crítica cara a comportamentos incívicos.
9. Descubrir e dar prioridade o valor do ser frente o valor de ter na toma de decisións sobre o consumo.
10. Garantizar unha autonomía persoal fronte o consumismo.
11. Aprender a usar, disfrutar e cuidar dos bens que se posúen ou que se consumen recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
12. Recoñecer e sensibilizarse coas persegas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
13. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoais así como o gusto pola actividade física.
14. Capacitar os alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
15. Descubrir e interioriza-la propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
16. Reforza-la autonomía e a autoestima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
17. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.
18. Coñece-los recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente.
19. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, reestablecer e mellora-lo medio ambiente.
20. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará unha mellora na saúde.
21. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (auga, papel,...).



22. Descubrir, potenciar e desenvolve-la totalidade das potencialidades ou capacidades persoais sen deixarse influir ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou física.
23. Aceptar, respectar e valora-las características e calidades de outras persoas sen deixarse influir por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo o con calquera outra característica diferenciadora.
24. Ser capaces de identificar e de realizar un análise crítico de tódalas manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen no linguaxe cotiá, no ámbito social e cultural e, en concreto, nas mensaxes (icónicos e verbais) que nos transmiten a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
25. Canaliza-la agresividade da persoa hacia o ben e o pensamento positivo.
26. Desenvolve-la sensibilidade, afectividade e ternura no encontro coas persoas que nos rodean.
27. Senti-la satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
28. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
29. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para soluciónalas de forma creativa, fraterna e non violenta.
30. Desenvolve-lo interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre con unha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
31. Coñecer e potencia-los dereitos humanos.
32. Coñecer e colaborar na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

## 5. METODOLOXÍA

Toda a liña metodolóxica do centro basearase fundamentalmente na corrente constructivista, que postula que o neno participe física e intelectualm que os obxectivos metodolóxicos que nos prantexamos sexan os seguintes:

**Funcionalidade**, xa que as aprendizaxes do currículo buscarán o máximo de funcionalidade cara o alumno. Deste xeito a aprendizaxe será máis motivadora, permitindo que os novos coñecementos se fixen con máis facilidade e sexan máis sólidos ao se asentaren sobre



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP. "LAVERDE RUÍZ"  
ESTRADA NACIONAL VI, S/N  
27150 – OUTEIRO DE REI  
TELF.: 982828931/982828930  
ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es

experiencias previas. Para iso faise un esforzo para adaptar os contidos ao entorno, que servan para o desenvolvemento intelectual do neno, evitando as aprendizaxes únicamente memorísticas.

**Significatividade**, o que quer decir que as novas aprendizaxes enlacen cos coñecementos xa adquiridos. Buscamos, deste xeito, o desenvolvemento integral do alumno/a. Para iso buscamos contidos con Significatividade psicolóxica (adaptados ao estadio de desenvolvemento do neno/a) e lóxica (que permitan o avance do alumno/a no seu desenvolvemento cognitivo persoal, e así fomenten unha actitude favorable cara a aprendizaxe).

**Interactividade**. Potenciando as relacións que favorezan a socialización e a comunicación, xa que a aprendizaxe vese favorecida enormemente pola interacción social, a imitación e o esforzo. Por todo isto promoveremos a participación activa, o establecemento de normas de xeito democrático, o ensino titorizado por alumnos/as e o traballo en grupo.

**Autoaprendizaxe**, que favoreza a autonomía dos alumnos/as, e lles facilite medios para se desenvolver na vida. Exercitaremos actividades que fomenten a capacidade de reflexión, a adquisición de hábitos e técnicas de traballo intelectual e a análise dos procesos de aprendizaxe conxuntamente cos alumnos/as.

**Globalización**, entendida como estímulo para o desenvolvemento de todas as capacidades dos alumnos/as, utilizando unidades didácticas que, partindo dos seus intereses, favorezan a súa motivación, e construindo aprendizaxes significativos que lles permitan unha visión máis completa da realidade. Para isto os diferentes equipos elaborarán unidades temáticas usadas como centros de interés, partindo dos coñecementos previos do alumnado. Hase facer unha presentación dos contidos, previa ao traballo do alumnado, rematando cunha recapitulación das aprendizaxes e do proceso avaliativo.

**Non segregacionismo**, procurando a máxima integración posible dos nenos/as discapacitados, xa que a relación social ten un grande valor no proceso de aprendizaxe. Daquela, os nenos e nenas saíran o menos posible das aulas, procurando que os apoios se realicen, sempre que sexa posible, dentro delas. Tamén se estudará detidamente a conveniencia da repetición de nivel deste alumnado.

**Apertura a outras correntes pedagóxicas**. Se ben o constructivismo é a base do traballo no centro, non se pode desbotar o emprego doutros tipos de metodoloxías específicas para casos determinados. Velaí o emprego as veces de metodoloxías conductistas en educación

especial, a valoración, en determinados casos, da importancia da afectividade no proceso de aprendizaxe (psicoanálise), ou a importancia das pedagogías da actividade en ensino infantil e primeiros niveis de primaria.

### **5.1 A TRANSVERSALIDADE**

Os temas transversais fan referencia a problemas e conflitos de actualidade e están relacionados con actitudes, valores e normas morais. Estes temas non son paralelos aos temas do currículo, senón que son transversais a eles. Deben desenvolverse dende as áreas curriculares e impregnar todo o ambiente e vida do centro. A coherencia destes valores debe de se manifestar no profesorado, no clima do centro e na familia, actuando como modelo a seguir polo alumnado.

### **5.2 A COEDUCACIÓN**

No noso colexio procuramos tratar a toda a comunidade educativa con igualdade, respectando as diferencias individuais e promovendo actitudes alonxadas de estereotipos relacionados co sexo. Por iso fomentaremos hábitos e comportamentos solidarios, de axuda e cooperación, tratando de desmitificar os papeis tradicionais de home e muller. Velaí unha serie de pautas de actuación no tocante a este tema:

1. Proponer modelos non estereotipados
2. Non fomentar conductas máis activas nos nenos e de maior pasividade nas nenas.
3. Estimular os nenos e as nenas en todo tipo de xogos, creando un ambiente de cooperación entre ámbolos dous sexos.
4. Crear hábitos de distribución equitativa do espacio.
5. Tentar que nenos e nenas participen por igual nas actividades propostas.
6. Corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións....
7. Realizar actividades encamiñadas á adquisición de habilidades e recursos para calquera tipo de actividades domésticas ou non.
8. Implicar as familias para cultivar este aspecto educativo dos nenos/as.



### **5.3 VALORES QUE FOMENTARÁ O CENTRO**

Toda unha chea de valores deben empapar o traballo de mestres, alumnos/as e comunidade educativa. De todos eles sulñamos como prioritarios no noso labor os seguintes, indicando os procedementos que usaremos para acadala súa consecución:

Solidariedade, realizando traballos en grupo partindo de feitos ocasionais.

Participación, facendo os alumnos/as responsables do material común dun xeito cíclico para que todos/as compartan responsabilidades.

Cooperación, axudando os alumnos/as máis avantaxados a aqueles que teñan máis dificultades en materias específicas.

Autoestima, encargando a cada un a realización de traballos para os que estea mellor dotado, co fin de que todos/as se sintan útiles e saian a relucir as cualidades que ten cada neno/a.

Tolerancia, traballando con exemplos (de ficción ou reais) as consecuencias da falla de respecto cara os demais, tratando de buscar posibles solucións.

### **5.4 PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Os obxectivos que procuramos acadar son os seguintes:

1. Acadar, ao remate da escolaridade, un bo dominio do idioma, tanto a nivel oral coma escrito.
2. Desterrar actitudes diglósicas, o que ha levar a un uso consciente e orgulloso do idioma do noso.
3. Implicar a toda a comunidade educativa no proceso normalizador.
4. Favorecer a competencia lingüística de todo o profesorado mediante actividades de formación.
5. Concienciación e potenciación do uso do idioma
6. Introducir o estudo de contidos culturais galegos
7. Fomentar o coñecemento e respecto diante das variantes dialectais do noso idioma.

### **5.5. AVALIACIÓN**

A avaliación debe ser un proceso orientado cara a autoavaliación, e que sirva de canle de información para alumnos/as, mestres e pais/nais e retroalimento o proceso de ensino aprendizaxe. A avaliación deberá facer referencia a todos os aspectos do desenvolvemento infantil, deberá ser continua no tempo e cualitativa e cuantitativa. Debemos avaliar non só os



procesos de aprendizaxe, senón tamén os procesos de ensino, é decir, non só os alumnos/as, senón tamén os mestres e os recursos educativos. Debemos avaliar non só os resultados senón tamén o proceso e o esforzo, tanto cualitativa coma cuantitativamente.

A avaliación será **continua**, ademáis de empregar os tradicionais exames, haberá que dispor doutros instrumentos de información que teñan como base a observación, análise de tarefas e traballos escolares. Tamén é de subliñar que a avaliación non será de carácter comparativo, senon **individualizada e criterial**, é decir, hase avaliar en función do punto de partida do alumno/a e non en función dunha norma.

Por último lembrar a necesidade dunha avaliación inicial, unha continua coa función de retroalimentar o proceso ensino-aprendizaxe, e unha avaliación final, coa función de informar os participantes dos procesos educativos a cerca deses mesmos procesos.

## 5.6 ACCIÓN TITORIAL

A función da acción titorial é a do control do alumnado, e a de darlle elementos para reflexionar sobre os seus propios procesos de aprendizaxe. Cada mestre -agás os especialistas non asignados a titoría- desenvolve, ademáis das súas tarefas docentes específicas, as accións de titoría do seu grupo de alumnos/as.

### Actividades do Titor:

1. Representar os seus alumnos/as.
2. Informar os alumnos/as sobre as normas de disciplina do centro, así como da función do profesor-titor na clase e no centro.
3. Recoller información sobre os seus alumnos: tanto familiar, como escolares.
4. Organizar reunións periódicas cos pais/nais:
  - a principio de curso para comunicarlle aos pais/nais o plan de traballo e os obxectivos e para lles reclamar a súa colaboración.
  - a principio de cada trimestre para falar do traballo realizado polos alumnos/as
  - a final de curso para lles informar dos obxectivos acadados e suxerir actividades para o verán.
  - Tamén se realizarán entrevistas individualizadas cos pais para facer informes máis persoalizados.
5. Programar actividades fóra do colexio en colaboración cos pais/nais.



6. Establecer co grupo un clima de afecto e apoio para que ningún neno/a se sinta só diante dos problemas do entorno escolar.
7. Dedicar tempo a debater e solucionar os problemas que poideran ter os seus alumnos no patio, na clase, cos profesores, nas filas...
8. En caso de observar retrocesos no proceso educativo, investigar as posibles causas.
9. Detectar causas de problemas escolares e/ou de conducta para poder solucionarlos coa colaboración do departamento de orientación.e/ou outros mestres.
10. Establecer reunións cos demais titores de curso para programar, reaxustar e reelaborar a programación.

### **Funcións do departamento de orientación**

Como **obxectivos prioritarios** do departamento de orientación destacámo-los seguintes:

1. Dar estabilidade os canles de funcionamento creados dentro do propio centro, e atende-las demandas dos centros adscritos.
2. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
3. Asesorar e orientar ó alumnado, ó profesorado e as familias para a mellora da calidade do ensino.
4. Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe os ámbitos de apoio as necesidades educativas especiais (NEE) e de atención á diversidade.
5. Contribuir ao fomento das relacións cas familias do alumnado e con aqueles servicios e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria ó noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.

### **Obxectivos referidos ao Centro**

1. Colaborar na elaboración/revisión do PEC, Plan de acollida, así como na memoria de final de curso do centro.
2. Cooperar coa comunidade educativa (Equipo Directivo, profesorado, alumnado, ANPA, comisións) e outras favorecendo canles de comunicación e actuación.
3. Potencia-la coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes

daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

### **Obxectivos referidos ao alumnado**

1. Contribuir á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe -medidas de atención á diversidade- impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
2. Procura-la integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
3. Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como as nee.
4. Potencia-la orientación educativa e profesional, sobre todo no terceiro ciclo da educación primaria.
5. Tratar de levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fins preventivos, compensadores e de desenrolo persoal.
6. Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe incardinadas no propio currículo.
7. Identifica-las dificultades e potencialidades do alumnado con nee, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
8. Contribuir á detección das necesidades dos alumn@s así como á busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia no labor educativo.
9. Establecer criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, permanencia ou promoción nun ciclo.

### **Obxectivos referidos ao profesorado**

1. Coordina-la actuación do profesorado titor, o profesorado de apoio as nee e a orientadora de cara a dar resposta as nee do alumnado.
2. Colaborar no proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ó alumnado e as familias.
3. Asesorar ó profesorado na planificación, desenrolo e avaliación do seu traballo.
4. Facer posible a colaboración do profesorado ñas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
5. Colaborar na resolución das necesidades que teñan os titor@s para levar a cabo a función tutorial.



6. Apoia-la actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer-lo seu labor docente e tutorial.

### **Obxectivos referidos ás familias**

1. Promover, en colaboración cos titores, actividades informativas e orientadoras que impliquen as familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
2. Establecer os contactos necesarios coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fill@s.
3. Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos.
4. Informar e asesorar as familias do alumnado con nee.

### **Obxectivos referidos á colaboración con servizos e institucións externas ao centro.**

1. Solicitar asesoramento do equipo de orientación específico nos temas que se considere necesario.
2. Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
3. Colaborar cos servizos sanitarios dos que fan uso algúns dos nosos alumnos/as: pediatría, psicoloxía, neuropediatría...